

Fernando Lacaci Batres con DNI [REDACTED] na súa calidade de Presidente da Confederación Anpas Galegas, CIF [REDACTED], con enderezo dixital ós efectos de notificación [REDACTED] e teléfono [REDACTED], en nome propio e da Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural -REDE DO RURAL-, presenta o seguinte RECURSO:

ANTECEDENTES

1. O día 7 de xuño de 2018 a Confederación Anpas Galegas representada por Javier Sánchez, presidente naquel intre desta entidade, presenta escrito solicitando unha Moratoria nas resolucións de peche de escolas e na redución de unidades e recursos educativos no rural. No rexistro xeral da Xunta de Galicia do Edificio Administrativo de Ferrol fíxose efectiva a recepción do mesmo.
2. Igoalmente solicitábase entrevista có titular da Consellería de Educación e có Xefes Territoriais coa finalidade de darlle traslado das preocupacións da comunidade educativa do rural representada, así como achegarlle os fundamentos e argumentos de tal petición, coa finalidade de ponderar e articular posibles solucións satisfactorias para a comunidade educativa e para a Administración.
3. Na data actual esta entidade que represento (e a pesares do terse esgotado o prazo que a normativa establece para a súa resolución), non recibíu contestación algunha, deixando en indefensión tanto á entidade como ás persoas nela representadas.

FUNDAMENTOS

1. O artigo 21 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común recolle a obriga da administración de notificar resolución expresa nos procedimentos formulados polas persoas interesadas.
2. O artigo 53 recolle o dereito das partes interesadas a ser informadas do estado de tramitación dos procedementos, formular alegacións, indicar órganos competentes para resolver e outros aspectos do procedemento.
3. O artigo 29 da Constitución consagra e protexe o dereito de petición ás Administracións Públicas da cidadanía e dos seus representantes legais, garantindo así que non queden en indefensión no exercicio dos que considera os seus lexítimos intereses.
4. Instrumentos legais como é o caso da Lei de Transparencia teñen, entre outros, o obxectivo de desenvolver os medios que faciliten a información



á cidadanía e tenta corrixir as perversións no funcionamento e os abusos de poder.

5. O respecto institucional e o sometimento á lexislación vixente debe ser exemplificado pola Consellería de Educación, feito que non acontece con estas solicitudes efectuadas pola Confederación Anpas Galegas, por outra parte representantes legais dun número moi significado de familias galegas que son menosprezadas e iñoradas pola actitude, pouco edificante e moi incoherente coas súas obrigas, desa Administración.

CONCLUSIÓN

En virtude do exposto,

1. Solicita a contestación e resolución do procedemento aberto no marco do previsto na lexislación vixente.
2. Reitera a solicitude de adopción dunha Moratoria no peche de escolas rurais e na redución de unidades e recursos educativos.
3. Reitera petición de audiencia, có obxecto de abordar a petición antedita, coa persoa titular da Consellería de Educación ou da Dirección Xeral de Educación.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019

The image shows the official logo of the Confederation of Galician Anpas (Confederación Anpas Galegas) on the left, which includes a circular emblem with a map of Galicia and the text 'CONFEDERACIÓN ANPAS GALEGAS'. To the right of the logo is a handwritten signature in blue ink, which appears to be 'Fernando Lacaci Batres'.

Asinado: Fernando Lacaci Batres